



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

CIRCULAR 201-2025.

XXI COPA XUNTA DE GALICIA DE CLUBS EN PISTA CURTA

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, o 17 de xaneiro de 2026 en Expourense (Ourense), a Copa Xunta de Galicia de Clubs en Pista Curta.

Art.2).- Poderán intervir un total de 8 clubs masculinos e femininos, estando convidados de forma directa os catro primeiros clasificados da edición anterior:

HOMES	MULLERES
R.C. Celta	Ourense Atletismo
S.G. Pontevedra	S.G. Pontevedra
Club Atletismo Sada	At. Femenino Celta
CA Santiago	Club Atletismo Naron

Todos estes clubs deberán confirmar a súa participación antes das 23:45h do luns 05 de xaneiro a:

direcciontecnica@atletismo.gal

O resto dos Clubs clasificaranse por estadillo de marcas a un atleta por proba e coas mesmas condicións previstas no art. 3.

- Presentación a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 23:45h do luns 05 de xaneiro.
 - As dificultades para rexistrar a atletas asociados deben ser resoltas coa RFEA (ajimenez@rfea.es), poñendo en copia á FGA (eventos@atletismo.gal).
- Puntuarase segundo Táboa WA 2022 de aire libre, agás o 60 e 60v que puntuarase pola táboa de pista curta.
- En caso de empate na puntuación final, resolverase en favor do club que teña maior puntuación en calquera das probas que o conforman; de persistir o empate, en favor do que presente a segunda mellor puntuación, e así sucesivamente.
- As probas a presentar no estadillo son as seguintes:

Homes:

60 (ou 100), 200, 400, 800, 1.500, 3.000 (ou 5.000), 60v (ou 110v), altura, lonxitude, triplo, pértega e peso.

Mulleres:

60 (ou 100), 200, 400, 800, 1.500, 3.000 (ou 5.000), 60v (ou 100v), altura, lonxitude, triplo, pértega e peso.

Serán válidas as marcas realizadas nas tempadas 2025 e 2026, tanto en aire libre como en pista curta, por atletas con licenza en 2026 polo club participante ou asociados a este, aínda que teñan estado noutro club no 2025.



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.

T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal

atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

Art.3).- Poderán participar os/as atletas pertencentes aos clubs participantes e aos seus asociados, coas seguintes limitacións:

- Cada atleta só poderá participar nunha proba individual e nunha remuda.
- Non poderán participar atletas da categoría Sub 14 e inferiores.
- **Categoría Sub 18:** poderán participar nas probas autorizadas para dita categoría. No caso de participar nunha carreira e nalgunha remuda, a suma das distancias non pode exceder dos 510m.
- **Categoría Sub 16:** poderán participar nunha proba individual, sempre que esta sexa autorizada para dita categoría.

Nº Máximo de Participacións por Club	
Asociados	Estranxeiros
3	3*

**(Non contabilizan atletas das categorías Sub 16, Sub 18 e Sub 20)*

Por acordo da Comisión de Clubs non se permitirá a participación de ningún Club nin atleta fora de concurso.

Art.4).- Prazo de reclamacións e renuncias.

- Rematará ás 14:00 horas do venres 9 de xaneiro e serán remitidas a eventos@atletismo.gal
- Aqueles clubs que, non estando entre os equipos provisionalmente clasificados, queiran renunciar á posibilidade de acadar praza na listaxe definitiva, deberán comunicalo neste mesmo prazo.

Art.5).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 23:45 horas do luns 12 de xaneiro.

- Cada Club deberá realizar inscrición nun mínimo de 11 probas, non sendo admitidos aqueles que non cubran ditas prazas.

Art.6).- Cambios permitidos.

- O/a delegado/a oficial de cada Club poderá efectuar un máximo de 4 trocos na composición do seu equipo ata 10 minutos antes do peche de cámara de chamadas.
- Os cambios efectuados nas probas de remudas non se contabilizarán.

Art.7).- A presentación de artefactos persoais para a súa homologación pechará 1h antes do comezo da súa proba.

Art.8).- En lanzamentos e saltos horizontais os/as atletas disporán de 6 intentos, sen cambio de orde.

Art.9).- Saltos verticais.

- Cadencias:

Altura Mulleres	-10	1.32 e de 4 en 4 ata 1.52 e de 3 en 3 cm.
Altura Homes	-10	1.60 e de 4 en 4 ata 1.80 e de 3 en 3 cm.
Pértega Mulleres	1.81 e de 20 en 20 ata 2.81	2.96 – 3.11 e de 10 en 10 cm.
Pértega Homes	-30	2.41 e de 20 en 20 ata 3.61 de 15 en 15 ata 4.21 de 10 en 10 cm.

- Comezarse, dentro da cadencia, na altura máis baixa das solicitadas polos atletas e que permita a instalación.
- Non se realizará desempate polo primeiro posto.

Art.10).- Sorteo de estaxes e orde de actuación.

- Por acordo da Comisión de Clubs, realizarase un sorteo segundo o que se dispón a continuación, publicándose o resultado do mesmo unha vez se coñezan a totalidade de clubs clasificados.
- Orde de actuación e estaxes

HOMES/MULLERES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII
60 - Pértega	1	2	3	4	5	6	7	8
1500 - Lonxitude	2	3	4	5	6	7	8	1
200 - Triplo	3	4	5	6	7	8	1	2
3000 - Peso	4	5	6	7	8	1	2	3
400	5	6	7	8	1	2	3	4
60 valos	6	7	8	1	2	3	4	5
800	7	8	1	2	3	4	5	6
Altura	8	1	2	3	4	5	6	7

- Disposición de estaxes nas probas de 200 e 400
 - o Indícase a continuación “estaxe (serie)” segundo o sorteo.

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII
200	5 (1)	6 (1)	3 (2)	4 (2)	5 (2)	6 (2)	3 (1)	4 (1)
400	3 (2)	4 (2)	5 (2)	6 (2)	3 (1)	4 (1)	5 (1)	6 (1)

- No 800 sairán 2 atletas polas estaxes 3 e 5, de xeito que o club de orde 7 sairá pola estaxe 3 e o club de orde 8 sairá pola estaxe 5, ambos por fóra.
- Nas remudas, no caso de participar máis de 6 equipos, faranse dúas series, correndo na final A os catro equipos que teñan mellor puntuación ás 18:45 horas, e na final B os restantes.



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.

T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal

atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

Art.11).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.12).- Cámara de chamadas

Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto, e deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

Peché da cámara de chamadas → 5' antes da saída a pista.

SAÍDA A PISTA	
Minutos antes da hora oficial da proba	
Carreiras	5'
Valos e remudas	8'
Concursos	20'
Pértega	35'

Art.13).- O sistema de puntuación por proba establecerase por postos, atendendo ao seguinte sistema:

1º: N, 2º: N-1; 3º: N-2... etc., sendo N o número de clubs participantes.

En caso de empate repartiranse os puntos entre os clubs implicados.

Aqueles atletas ou equipos que non obteñan una marca válida na súa proba ou sexan descualificados non puntuarán.

Aqueles clubs que non acaden 11 participacións, non tomarán parte da clasificación final. En dito caso, non se alterarán as puntuacións obtidas polos restantes clubs.

Proclamarase campión o Club que obteña maior cantidade de puntos.

En caso de empate a puntos na clasificación final, resolverase en favor do club que teña máis primeiros postos; de persistir o empate, en favor do que obteña máis segundos postos e así sucesivamente.

Art.14).- Entrega de premios

Haberá trofeo para os tres primeiros clasificados, sendo obrigatorio acudir ao protocolo de entrega dos mesmos.

Art.15).- Horario da competición:

COPA XUNTA DE GALICIA DE CLUBS						
HORA	CARREIRA	CATEGORÍA	PÉRTEGA	ALTURA	PESO	S. HORIZONTALIS
16:00			Homes	Mulleres		Lonx Homes
16:10					Homes	
17:00	60 valos	Mulleres				
17:05						Lonx Mulleres
17:10	60 valos	Homes				
17:20	800	Mulleres				
17:28	800	Homes				
17:30					Mulleres	
17:38	200	Mulleres A				
17:44	200	Mulleres B				
17:50	200	Homes A				
17:56	200	Homes B				
18:00				Homes		
18:02	400	Mulleres A				
18:09	400	Mulleres B				
18:10						Triplo Homes
18:16	400	Homes A				
18:20			Mulleres			
18:23	400	Homes B				
18:33	60	Mulleres				
18:39	60	Homes				
18:45	1500	Mulleres				
18:53	1500	Homes				
19:01	3000	Mulleres				
19:15	3000	Homes				Triplo Mulleres
19:30	4x400	Mulleres B				
19:38	4x400	Mulleres A				
19:46	4x400	Homes B				
19:54	4x400	Homes A				

Art.16).- Reunión técnica cos delegados dos clubs na zona de meta ás 15:15

- Elección de táboas do triplo (ata un máximo de 3)
- Outras consideracións a considerar polo Xuíz Árbitro ou os delegados.



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.

T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal

atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

Art.17).- Establécense as seguintes recargas e penalizacións:

- Inscripcións fora de prazo: 25 € por equipo. Deberán ser enviadas a direcciontecnica@atletismo.gal para a súa valoración.
- Aqueles clubs que, logo do prazo de reclamacións e renuncias, comuniquen a súa baixa ou non participen da competición, terán unha penalización de 50€ por equipo.

Art.18).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo ás normas da FGA, RFEA e World Athletics.

A Coruña, a 23 de decembro do 2025

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo